

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**EXPEDIENTE NÚM.: 2026/X999/000118****EXPEDIENTE DE DECRETO: 2026/G003/000424****PROCEDEMENTO: ACORDO DE FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A
REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE MADRUGADORES CONCILIA PARA O
CURSO ESCOLAR 2026/2027**

Vista a memoria de data 02/09/2026, na que se expón que o Concello ten previsto realizar a actividade de Madrugadores Concilia, que se desenvolverá dende o 09/09/2026 ata ao 21/06/2027, en horario de 8:00 a 10:20h, e coincidindo co calendario escolar do centro para este curso lectivo.

Trátase dun servizo de atención aos menores matriculados no CEIP Virxe do Portal, cuxo obxectivo é ofrecer ás familias do Concello de Sobrado un servizo de atención especializado antes do comezo da xornada lectiva, co obxectivo fundamental de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

Tendo en conta que segundo presuposto solicitado o custo total da actividade ascende á cantidade de 12.900€ (iva incluído).

Visto o establecido no artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades deportivas, culturais, recreativas e de ocio, publicada no BO P nº 19 de 29 de xaneiro de 2021:

*"Artigo 4.- Contías**1.-O establecemento e contía do prezo público regulado nesa ordenanza será o que fixe en cada caso a alcaldía en atención ó custo dos mesmos.**2.-Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do servizo ou departamento responsable da prestación do servizo ou realización de actividades, na que se xustifique documentalmente:**O custo total da actividade ou servizo.**O número estimado de asistentes ou participantes.**O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada. En todo caso, se o prezo a abonar polos interesados é inferior ó custo do servizo ou actividade nos termos regulados no*

artigo desta ordenanza, a proposta do servizo ou departamento responsable deberá incluír a previsión do seu financiamento.

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignarase nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

3. Acordadas as contías do prezo público de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a efectos da súa publicidade.”

Pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acordar o carácter social da actividade e fixar o prezo público a aboar polos participantes na citada actividade.

O prezo a abonar será de **20 €/mes** por cada un dos/as usuarios/as do programa. Así mesmo, as familias poderán solicitar o servizo por xornada solta, aboando a cantidade de **3€ por xornada**.

SEGUNDO.- Expoñer este acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello a efectos da súa publicidade.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Mandao e asinao, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde
Luis Lisardo Santos Ares

A secretaria-interventora
Alejandra D. Fandiño Sánchez

